

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27016728	CEIP Illa Verde	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Desde a Relixión Católica pretendemos contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 5º de E. Primaria nun centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia. É un colexio con distintos niveis socioeconómicos e algún alumnado con dificultades de aprendizaxe. Está dotado con pantalla dixital na aula e Biblioteca no centro.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumpríse así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexia, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coitado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes expóñense cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Festa e celebración.	1. Únicos e iguais 2. Unha aposta pola felicidade 3. Celebramos unha festa	35	12	X		
2	A miña pegada nos demais e na contorna	4. Un tesouro inesperado 5. A pegada que deixo 6. Aquí, a estación espacial!	35	13		X	
3	Mitos, relixións e solidariedade	7. Viaxe no tempo Proxecto ApS. Un tempo solidario	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Festa e celebración.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Identificar que, aínda que sexamos diferentes, todos temos os mesmos dereitos.	TI	100
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Expresar a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.		
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Recoñecer que a liberdade vai sempre asociada á responsabilidade e actuar en consecuencia.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Apreciar a vida das persoas que se atoparon con Deus no seu camiño.		
CA1.7 - Comprender e valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade das persoas e dos pobos, e inspira a expresión da propia vivencia persoal e social a través de diversas linguaxes.	Valorar como o patrimonio relixioso cristián contribúe á construción da identidade da súa localidade.		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Recoñecer as características da súa propia relixión e tratar de axustar a súa vida cotiá aos seus principios e valores.		
CA1.10 - Valorar a experiencia relixiosa como desenvolvemento persoal e social da dimensión espiritual, interpretando e respectando o relixioso na pluralidade de culturas e promovendo o diálogo interrelixioso.	Valorar a diversidade cultural e relixiosa e recoñecer os elementos comúns que nos unen a todos.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Traballar para favorecer o ambiente de igualdade e a fraternidade no colexio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.
- Os dereitos humanos en diálogo coa visión cristiá.
- Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa.
- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais.
- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- Recoñecemento do papel das mulleres na Biblia e na historia da Igrexa.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Pensamento crítico e ético para a convivencia democrática.
- Aprecio do diálogo intercultural e interrelixioso para unha convivencia pacífica e democrática.

UD	Título da UD	Duración
2	A miña pegada nos demais e na contorna	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Participar activamente en iniciativas orientadas a mellorar as relacións cos demais.	TI	100
CA1.3 - Promover actitudes que impulsen a mellora da convivencia e o coidado do planeta, coñecendo e aplicando algúns principios da ética cristiá, plasmando as súas conclusións en diferentes soportes.	Identificar os valores e actitudes que axudan a recoñecer a riqueza dunha persoa.		
CA1.5 - Reflexionar sobre algúns principios xerais da ética cristiá, coñecendo a súa realización en biografías significativas e movementos sociais, descubrinto como poden ser postos en práctica nas nosas contornas sociais próximas e virtuais.	Promover accións e tarefas que inflúen nos demais e provocan cambios de actitudes		
CA1.9 - Asumir o desenvolvemento da interioridade como un dos elementos fundamentais na construción do propio sistema de valores e crenzas, mediante a análise e a reflexión de textos bíblicos e doutras tradicións relixiosas.	Recoñecer que a bondade, o amor e a alegría son valores que se poden compartir cos demais.		
CA1.11 - Comprender as consecuencias éticas e morais, persoais e sociais, da mensaxe de Xesucristo para a construción do propio sistema de valores e crenzas e para a promoción do ben común.	Valorar a figura de Xesús como persoa capaz de transmitir paz, amor e proximidade		
CA1.12 - Coñecer o Credo da fe cristiá, poñéndoo en diálogo con outras áreas de coñecemento científico e cultural e con outras relixións.	Coñecer o Credo e relacionalo con outras áreas de coñecemento.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas. - A responsabilidade persoal e social desde o punto de vista cristián. - Situacións vitais que expoñen preguntas existenciais ou morais para a persoa. - A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá. - Valoración da dimensión espiritual e relixiosa nun mesmo e nos demais. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A relación de Xesús co seu Pai e co Espírito: Divos Trindade. - A paixón, morte e resurrección de Xesús e a celebración da Pascua na Igrexa. - O Credo da Igrexa católica. - A vida cristiá e a celebración dos sacramentos. - María, modelo de crente.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común. - Valores propios do Evanxeo: as benaventuranzas e o Reino de Deus. - A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación. - A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
3	Mitos, relixións e solidariedade	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principios e virtudes que promoven e respectan a dignidade de todas as persoas, reflexionando sobre experiencias persoais e de aula, desenvolvendo autonomía, xuízo crítico e responsabilidade.	Participar activamente en iniciativas orientadas a mellorar as relacións cos demais.	TI	100
CA1.2 - Expresar con autonomía a través de diversas linguaxes comunicativas a identidade persoal recoñecendo, desde a visión cristiá, a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.	Expresar a singularidade de todas as persoas, desenvolvendo empatía e valorando a pluralidade.		
CA1.4 - Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerables, tendo en conta como Xesucristo cambiou a súa realidade e as consecuencias que iso tivo para a historia da humanidade.	Participar en accións solidarias e de servizo á comunidade, recoñecendo aqueles grupos sociais máis vulnerable.		
CA1.6 - Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática recoñecendo, en iniciativas e proxectos eclesiais, aqueles valores morais que promoven o ben común.	Cooperar activamente na construción dunha convivencia pacífica e democrática.		
CA1.8 - Recoñecer e apreciar, desde a propia identidade cultural, a pluralidade de tradicións e expresións presentes no contexto social, promovendo o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.	Promover o respecto e o coñecemento mutuo que favorece o encontro e o diálogo intercultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade humana, a igualdade e a diferenza entre as persoas.

Contidos

- A influencia das accións individuais na transformación social á luz da ética cristiá.
- Expresión, en diversas linguaxes da propia vivencia persoal, ao redor das festividades, tradicións e celebracións relixiosas.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Ritos, tradicións e festas de diversas relixións en torno ao nacemento, o matrimonio e a morte, explicitando a achega do cristianismo.
- Obras de arte, composicións musicais, e construcións arquitectónicas representativas do cristianismo, comparadas coas doutras culturas e relixións.
- A preferencia de Xesucristo polas persoas marxinadas.
- Reflexión e análise sobre as experiencias relixiosas narradas en diversos relatos bíblicos ou recollidas en biografías significativas.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O mandamento do amor como raíz da ética cristiá e compromiso co ben común.
- A visión cristiá da interdependencia, eco-dependencia e interrelación.
- Análise de situacións próximas de vulnerabilidade e deseño de propostas transformadoras aplicando os principios da ética cristiá.
- Compromiso e transformación social na acción da Igrexa.
- A responsabilidade e o respecto no uso dos medios de comunicación e as redes sociais.
- Establecemento dun primeiro diálogo fe e ciencia, desde o respecto, a curiosidade e escóitaa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, xeográficos, históricos, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este terceiro curso da etapa o alumnado debe acceder ao coñecemento partindo dos seus centros de interese e do seu contorno máis próximo.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...).

Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos espaciais

- Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

- Recursos materiais: Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

- Recursos tecnolóxicos: Ordenadores, robots educativos, encerados dixitais, proxectores, tabletas, gafas e materiais de realidade virtual, placas programables (Arduino, Makey-Makey...), Chromakey etc.

- Recursos dixitais: plataforma Eva Edixgal
Plataforma EdebeON+.

Libro dixital rodeira

Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

- Recursos espaciais

A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos do contorno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica.

Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes do curso pasado en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...

- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:

- Choiva de ideas sobre as características propias da persoa, da sociedade, da Igrexa, do voluntariado, das comunidades multiculturais?

- Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir as comunidades relixiosas como por exemplo, diferentes tipos de celebracións, empregando rutinas de pensamento como por exemplo "Cor-Símbolo-Imaxe".

- Asemblea sobre a importancia do respecto polas diferentes crenzas relixiosas e tradicións culturais.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	35	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

As probas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, e probas obxectivas. Os cales terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD1

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= NOTA UD2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= NOTA UD3

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 90% da cualificación final.

Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 10%.

6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.

Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.

Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.

- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.

- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.

- Diseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, aprofundando nos coñecementos adquiridos.

- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.

- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser os materiais aportados por fundacións como Cáritas, Mans Unidas...

- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos poden ser: Plans Proxecta+, ou Voz Natura, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita a centros de culto, centros de voluntariado, a un museo, exposicións...	X	X	X
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro (fundador/a), Día Internacional da Paz, Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación.
Coherencia entre os obxectivos e os contidos.
Metodoloxía empregada
Actividades adecuadas.
Estilo de ensinanza
Motivación do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización dos recursos materiais
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Temporalización
Outros
Rol do docente
Procedementos de avaliación

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Estes indicadores permítenos coñecer información axeitada do noso labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliación como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliación, entre outros.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta nos permite comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso. Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo aos seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realízase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

9. Outros apartados